

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/1048

Feitos

Primeiro. Con data do 22.08.2025, o director do Departamento de Letras e presidente da comisión de selección da praza 25/1048, de profesor/a substituto/a da área de coñecemento de Filoloxía Inglesa do Departamento de Letras (convocada por Resolución reitoral do 04.07.2025), Manuel Fernández Ferreiro, comunica que os seguintes membros da comisión incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos devanditos corpos, con algunha das persoas candidatas:

Moskowich-Spiegel Fandiño, Isabel Sofía: secretaria
Lorenzo Modia, María Jesús: vocal 1ª titular
Ponte Castelo, Luís Miguel: representante dos/as traballadores/as
Simal González, Begoña: vocal 1ª suplente
Crespo García, María Begoña: vocal 2ª suplente

Segundo. O Consello do Departamento de Letras, na súa reunión do 08.09.2025, aprobou unha nova proposta de membros para a citada Comisión

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concurra neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso, a causa alegada xustifica a substitución dos mencionados membros da comisión de selección.

O apartado 6.6 da citada normativa establece que, no caso de que non poidan actuar as persoas propostas para a secretaría ou para a vogalía, serán substituídas polo/a primeiro/a vogal suplente e así sucesivamente, garantindo sempre o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

Este reitorado é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio (DOG do día 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións para a comisión da praza indicada:

Secretaría: substitúese a Isabel Sofía Moskowich-Spiegel Fandiño por Carolina Núñez Ponte
Vogal 1ª titular: substitúese a María Jesús Lorenzo Modia por Carlos Juan Gómez Blanco
Representante dos/as traballadores/as: substitúese a Luís Miguel Ponte Castelo por Xosé Manuel Sánchez Rei
Vogal 1ª suplente: substitúese a Begoña Simal González por María Jesús Cabarcos Traseira
Vogal 2ª suplente substitúese a María Begoña Crespo García por David Clark Mitchell

A Coruña, na data da sinatura electrónica.
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández